



PDI A CHISPA DA VIDA



1. Introducción

O Ceip Menéndez Pelayo de Lugo é un centro que ten 6 unidades de Ed. Infantil e 12 de Ed. Primaria con total de 450 alumnos e alumnas. O colexio está integrado no PLAMBE de bibliotecas. Coa participación en dito plan o profesorado está moi involucrado e afírmase na necesidade de seguir afondando no traballo como educadores para a mellora das competencias clave. **Fomentar a competencia lingüística desde un proxecto global do centro.** Dende o principio da incorporación no PLAMBE traballouse por proxectos, a dinámica do colexio xira arredor do proxecto que cada curso se elixe para traballar, participando moi activamente e traballando en conxunto coa biblioteca do centro, EDLG, TIC'S as Seccións Bilingües, ABALAR, co apoio e participación do equipo directivo e practicamente todo o profesorado.

1.1 Xustificación

O traballo por proxectos foi o **eixe da dinámica do colexio**. A biblioteca escolar foi o centro de recursos e documentación, sendo tamén a dinamizadora para á realización do proxecto.

Para o curso 2018/2019 o cole decidiu como **Proxecto Documental Integrado** traballar a auga. O tema da auga é un tema moi motivador porque facilita a experimentación, a observación, o xogo, o traballo cooperativo ...A auga é un elemento cotián, agradable e esencial para a vida. Na nosa terra a auga é fundamental e nós queríamos dar a nosa pequena homenaxe ao líquido que dá a vida, tanto na nosa terra como a nós.

O centro leva xa uns anos traballando a oralidade, falar, contar, recitar, cantar,... escoitar e todos os proxectos que cada ano iniciamos o propósito é orientar a oralidade. Levamos facendo proxectos xa dende hai uns anos, é unha experiencia moi enriquecedora para os nenos e nenas e especialmente para os mestres e mestras que nos propoñémonos poder levar a cabo estas iniciativas.

Sempre que iniciamos un proxecto o noso desexo é que participe toda a **comunidade educativa**, todos os cursos e niveis así como todos os equipos (EDLG, Convivencia, TICS, e Seccións bilingües) os mestres especialistas (Educación física, Inglés e Música).

1.2 Temporalización

O PDI **está integrado de forma curricular na programación xeral de Centro**; ten a duración dun curso, o seu inicio é no mes de setembro-outubro coincidindo co inicio do curso e remata no mes de xuño. Todas as actividades, conmemoracións e toda a vida da Comunidade Educativa xira arredor del.

1.3 Relación co currículo

O Currículo de Educación Primaria na nosa Comunidade Autónoma establece que a área de Ciencias Sociais integre distintos ámbitos de estudo, os contidos organízanse en bloques para facilitar a concreción curricular. No bloque 2 aparece a auga e o consumo responsable, o cambio climático, a intervención humana no medio, as consecuencias ambientais,... Os contidos da área de Ciencia da Natureza tamén están interrelacionados polo que se potencia un enfoque globalizador e interdisciplinario. Nesta concepción a lingua é o instrumento para a transmisión de información e ferramenta para operar co coñecemento,

Establecéronse os seguintes **obxectivos**:

1. Mellorar a competencia lingüística do noso alumnado. Fomentar o pracer polo lectura.
2. Comprender discursos orais mantendo a atención.
3. Desenvolver a capacidade creativa e a imaxinación mediante a atención e unha actitude crítica.
4. Desenvolver a iniciativa e a satisfacción nas producións propias e os intereses por compartir o seus traballos.
5. Incrementar a destreza manual e a percepción visual.
6. Ler en voz alta con expresividade, co ritmo e a entoación adecuada.
7. Ampliar os coñecementos sobre a auga, o mar. O río,...
8. Desenvolver o espírito de compromiso e cooperación.
9. Iniciarse no método científico mediante a investigación e a experimentación.
10. Fomentar o respecto pola auga, o mar o río, as fontes,...
11. Coñecer distintos oficios, deportes, actividades,... relacionados coa auga

12. Potenciar o tratamento e o uso da información.

13. Utilizar de forma dirixida as TIC'S para facer uso dos múltiples recursos que ofrece.

Os contidos traballados para acadar as competencias básicas dentro do proxecto son os seguintes:

Liñas de actuación:

Competencias clave:

Competencia lingüística:

A escritura de textos de distinta tipoloxía, esta destreza traballouse con actividades coa implicación da busca de información a través de textos en múltiples modalidades, formatos e soportes.

Coñecer e ampliar o vocabulario ao tema do proxecto. A lectura trátase como unha destreza básica para o aprendizaxe, lecturas compartidas,...

Promóvese a expresión oral dos traballos feitos en interclases ou interniveis: poesías, experimentos, contacontos, ... Saber un tema, é saber falar e escribir.

Competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía:

Observación e valoración de gráficas, táboas, ... (consumo de auga, climogramas, ...) táboas comparativas, liñas temporais.

Descrición verbal dos razoamentos e dos procesos, xustificar as respostas. Dar indicacións sobre un procedemento, un problema, ...

Fomento e desenvolvemento de esquemas de planificación, de lateralidade e espazo-temporal.

Axudar a contemplar e interpretar a información contida nos medios audiovisuais.

Competencia dixital:

Empregar os recursos tecnolóxicos que ofrece a biblioteca e o colexio: ordenadores, cámaras fotográficas, vídeo, encerado dixitais, ...

Achegamento e producións audiovisuais. Manexo de aplicacións para a difusión de tarefas.

Uso responsable das TIC'S facendo un uso consciente e reflexivo das mesmas, seleccionando coidadosamente a información.

Competencia no tratamento da información.

Aprender a facer pescudas

Aprender a aprender:

Proporcionar as ferramentas necesarias para aumentar a súa fortaleza, mellorar as súas capacidades e aumentar o seu potencial, o alumnado, convértese en protagonista da súa aprendizaxe, favorecendo a motivación, a curiosidade e a necesidade de aprender, factores importantes no desenvolvemento da competencia de aprender a aprender.

Competencia sociais e cívicas:

Desenvolvemento da socialización nunha actividade lúdica como a lectura. Moitas das actividades levadas a cabo baseáronse no traballo colaborativo que é un pilar básico para a interacción con outras persoas e grupos, baseándose no respecto mutuo e nas conviccións democráticas. Ao mesmo tempo os apadriñamentos fomentaron a tolerancia, a comprensión, a negociación, a empatía, etc.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:

Autonomía e esforzo á hora de abordar as diversas tarefas; desenvolvemento do espírito crítico e da responsabilidade, potenciando a capacidade de análise, planificación, organización, toma de decisións e resolución de problemas.

Conciencia e expresións culturais:

Ao longo de todo o proceso estivo presente o desenvolvemento da iniciativa, a imaxinación e a creatividade. Potenciando as expresións artísticas que serviron como base para comunicar e compartir coñecementos.

1.4 Alumnado/profesorado participante

A participación no proxecto levouse a cabo grazas a práctica totalidade de participación e implicación do profesorado e do alumnado, incluíndo as materias de inglés e plástica, as seccións bilingües, todas as titorías incluíndo Educación Infantil e os especialistas.

O alumnado estivo moi implicado no proxecto dende o principio, facendo e participando moi activamente nas actividades e tarefas propostas.

1.5 Organización para a súa realización

O equipo de Biblioteca propuxo o tema nas liñas prioritarias de actuación presentadas para o PLAMBE a finais do curso 17/18. Unha vez aprobado polo Claustro foi o equipo quen decidiu que a temporalización das diferentes tarefas foran levadas a cabo dende o comezo do curso sendo algunhas xa planificadas en setembro no Plan Anual Lector e na PXA.. O equipo de EDGL aportou a súa colaboración coa temática da biblioteca, sempre imprescindible. O Equipo de Dinamización das TICs colaborou na divulgación de todas as actividades levadas a cabo, sendo a súa axuda imprescindible tamén na preparación, a montaxe dos vídeos, no asesoramento, ... O Equipo de Actividades Extraescolares colaborou na organización das distintas actividades e saídas dos nenos. Tamén na organización das celebracións relacionadas como o desfile de Entroido, Nadal, fin de curso... As familias tamén colaboraron cos súa participación nas distintas charlas e conferencias.

2. Obxecto ou temática de investigación

Desde que o noso colexio se integrou no PLAMBE sempre se traballou en proxectos e pouco a pouco foi integrándose profesorado e na dinámica do centro. Foi un proceso gradual, cada curso a participación foi maior. Traballáronse moitos proxectos: os romanos, os insectos, a volta ao mundo, os contos, o impresionismo,...

Ao final do curso 16/17 o equipo de biblioteca xunto co EDLG, seccións bilingües, Abalar, TICs o equipo directivo elíxese tema a traballar no seguinte curso. O equipo da biblioteca expón as liñas prioritarias presentadas para o PLAMBE. Unha vez aprobado no claustro empezan a traballarse a liña de traballo para o seguinte curso. Para o ano íase traballar a auga.

En setembro prepáranse as distintas liñas de traballo a seguir, fanse os carteis e empeza o cole a tomar forma. Os distintos cursos van elixindo os distintos temas a traballar, as distintas lecturas, distintos enfoques, ... todo baixo as directrices que propón a biblioteca.

As distintas efemérides do ano tamén van orientadas sobre a temática do proxecto. ; o Nadal baixo o mar, a Paz ("Pingas de paz, o arco da vella da

paz"), Día da Árbore e a Poesía, Día da Auga,... Fixéronse conferencias, obradoiros, saídas,... ..

A celebración do Entroido virou arredor da auga, a contaminación das augas, os peixes do mar, o balneario,... en Primaria e tamén en Infantil, o eixe principal foron as pelis cuxa temática é o mar. En Educación Primaria estes disfraces foron feitos polos nenos e nenas coa colaboración indispensable das titoras e profesoras de plástica.

3. Breve descripción do proceso de deseño e elaboración da proposta



O tema é escollido en maio de 2017 polo claustro previa proposta do equipo da biblioteca. En setembro-outubro danse as primeiras pinceladas ao proxecto nas primeiras xuntanzas do equipo da biblioteca, xunto con EDLG, empézase coa decoración do cole, as actividades de motivación,...

Toda a dinámica escolar xirará arredor da auga durante todo o curso:

- Por unha banda están as celebracións anuais coordinadas pola biblioteca, EDLG, seccións bilingües, TIC'S que estiveron relacionadas co tema elixido (Nadal, día da Paz, o día de Rosalía, o Entroido, Día da Poesía, o mes do libro e das Letras Galegas) ademais das outras celebracións que se fan (Samaín, outono, Día da Muller, ...)
- O traballo por curso cos titores, o traballo dende a biblioteca cos nenos e nenas, os distintos especialistas (Música, Plástica, Educación Física, Inglés,...) prográmanse as distintas actividades do proxecto. Durante o curso vanse ampliando ou modificando as distintas actividades según vaia o desenvolvemento do curso.

En setembro ou outubro xeramos a motivación co proxecto, empézase a decoración cos carteis e murais. Coa decoración do vestíbulo do colexio, da biblioteca,

Este curso empezouse cunha charla-clase maxistral co meteorólogo Martín Barreiro, falando do clima, do cambio climático. Os



nenos e nenas do colexio recibírono con moito cariño, escoitando atentamente a súas explicacións. Esta foi a actividade que marcou a posta en marcha do noso proxecto anual sobre a auga.

4. Documentación elaborada

Profesorado:

- Exposición de libros relacionados co proxecto.
- Guía de tarefas relacionados co proxecto.
- Carpeta no ordenador da biblioteca con actividades e información relacionado con proxecto.
- Carteis.

Alumnado

- Guías de lecturas relacionadas co proxecto.
- Fichas de elaboración propia.
- Exposición de libros.
- O alumnado foi elaborando os seus traballos que son expostos no blog da biblioteca.

5. Relación das tarefas

- Actividades realizadas para as datas conmemorativas

OUTONO. Cos cursos inferiores o outono é das primeiras actividades que se fan, tanto nas clases como na biblioteca. Falamos dos cursos de 1º e 2º e tamén en Infantil. Actividades feitas sobre o [outono](#).



PINGAS DE NADAL. Este ano a temática das [felicitacións de Nadal](#) foi a auga.



DÍA DA PAZ E DA NON VIOLENCIA. Traballáronse valores, actitudes, pensamentos para a conmemoración do [Día da Paz](#)

DÍA DE ROSALÍA. Os alumnos de terceiro fixeron un traballo sobre ["Adiós ríos, adiós fontes"](#) Os demais cursos tamén fixeron e participaron [nese día](#).

ENTROIDO. Coa participación de todo o cole. [Entroido 2019](#)

SEMANA DA PRENSA. Os alumnos/as de primeiro fixeron un traballo unindo a prensa coa idea do PDI. [Gotas de prensa.](#)



- Actividades realizadas no PDI

CARTEIS. Empezamos a [decoración](#) do cole. No blog tamén damos a saída a o novo [proxecto](#)

ACTIVIDADES. Marcapáxinas. Os nenos e nenas de [primeiro](#), [segundo](#), [terceiro](#) e [cuarto](#).



VÍDEOS. Os alumnos de sexto e quinto fixeron uns traballos relacionados coa auga: [Galiza, sempre auga](#) e [a auga, inspiración de poetas, a auga](#). Recompilación de fotos, textos e poesías, información, a auga nas artes, no cine, na mitoloxía, nos contos,

O PEIXE ARCODAVELLA. Tráballouse dito [conto](#) no biblioteca e despois expúxose nos corredores de Primaria.

DÍA MUNDIAL DA AUGA. Na semana do [Día da Auga](#), aproveitamos para facer moitas actividades.

A ÁRBORE A A AGUA. "[Árbore e auga](#)", palabras cheas de vida. A natureza fálanos, as nenas e os nenos tamén.

PALABRAS E SONS QUE FALAN AUGA. Os nenos e nenas de 4º A e B recrearon os sons da choiva e definiron [palabras que falan auga](#) diante dun público moi atento á explicación.

ESTADOS DA AUGA. Iago e Samuel de 5ºA explicaron aos nenos pequenos os [estados](#) da [auga](#).

MÚSICA. Carmen, a profesora de música preparou co alumnado moitas pezas, cancións, ritmos,... [Rock da auga](#), [Se chove](#), [Cantando a auga](#), [Sons que falan auga](#).

PEIXES DA COSTA GALEGA. Os alumnos de 3º fixeron unha investigación [dos peixes da costa galega](#).

SECCIÓNS BILINGÜES E INGLÉS. Tráballaron [a auga](#)...

[DÍA DOS OCÉANOS.](#)

PLANETA AZUL. Traballo dos nenos e nenas de 2ºB, [planeta azul](#)...

INFANTIL:

O MAR. Un paseo polo [mar](#) dos nenos de Infantil.

DANZA DA CHUVIA. Os nenos de tres anos danzaron [a danza da chuvia](#) para os seus compañeiros.

MURAI S EN INFANTIL. Os nenos e nenas de Infantil fixeron [murai s](#), [carteis](#),

AS PINGAS DA AUGA.

RECITAL POÉTICO. Os nenos e nenas de 3 anos B recitaron con Lingua de Signos o poema de Federico García Lorca, [¿auga dónde vas?](#)

XORNAL ESCOLAR. [O xornal escolar](#) inclúe o [certame de debuxo e poesía](#) dedicado na súa totalidade ao tema do PDI.

6. Recursos utilizados.

6.1 Recursos.

CONFERENCIA-CLASE MAXISTRAL de Martín Barreiro. Visitounos no cole "o home do tempo" de RTVE [Martín Barreiro](#) para falar sobre a climatoloxía e a importancia da loita contra o cambio climático.

CHARLAS, CONFERENCIAS,... Charla divulgativa das [confrarías da Mariña](#) que ensinaron como medir os peixes, a conservación do mar,... o [biólogo Jesús Latas Zavala](#) falou sobre os nosos ríos, especies que o habitan, problemas que teñen,...

OBRADOIRO DE BANDA DISEÑADA. O alumnado de cuarto realizou un obradoiro de banda deseñada con Sabela Díaz coa temática ambiental de vital importancia: [a contaminación da auga.](#)



6.2 Visitas.

TEATRO. Os nen@s de catro anos foron ver o espectáculo [Burbullas de papel.](#)

CONTACONTOS. A A.N.P.A organizou unha xornada de [contacontos](#) para Infantil.

VISITA AO RÍO RATO. Os nenos e nenas de 2º visitaron [a aula da natureza do río Rato.](#)

VISITA AO HUMEDAL DAS GÁNDARAS. Curso de 1º.

VISITA Á ESCOLA DE PIRAGÜISMO DE LUGO. O curso de 6º visitaron e fixeron actividades de piragüismo. [Iniciación ao piragüismo](#) no río Miño.

6.3. Fontes consultadas

Sobre [el agua](#), hai moita información no internet e atopar moitas webs e vídeos. Consultáronse e víronse.

Bibliografía:

Océanos e mares de Nicola Davies

Océanos de Pitau e Gervais

Mi primer gran libro del Océano de National Geographic

O meu pequeno animalario, mares, ríos e lagos.

Ríos de Aurelia Coulaty e Matteo Berton

Inventario dos mares

7. Implicación da comunidade educativa.

Dende que o noso colexio entrou a forma parte do PLAMBE, o equipo directivo e o Claustro apoia todas as propostas e actividades que dende a biblioteca se propoñen. Levamos anos traballando conxuntamente o equipo da biblioteca, EDLG, TIC'S e as seccións bilingües. Practicamente todo o alumnado, todo o profesorado de Primaria e Infantil, tanto titores como especialistas, estivo implicado nas actividades do Proxecto.

En canto ás familias pódese destacar a súa participación e implicación. A súa colaboración no Entroido (Infantil) foi importante.

8. Difusión dos traballos.

Nestes anos nos que vimos facendo proxectos, os traballos sempre se expuxeron por todo o colexio, no vestíbulo, nos corredores, nas aulas, na biblioteca,...

Practicamente todas as actividades realizadas no colexio, os obradoiros, visitas,... e información relevante cólganse no blog da biblioteca, [A caixa dos contos do Menéndez](#)

Tamén se fan xornadas de portas abertas para os centros darredor.

9. Avaliación.

A avaliación é continua, cada actividade, obradoiro,.. foi valorada nas reunións dos equipos implicados no Proxecto. É un proceso flexible e continuo para mellorar o profesorado, identificando as súas fortalezas e debilidades así como analizando o proceso de aprendizaxe do alumnado.

Sacar adiante as actividades do proxecto e conmemoracións mensuais logrouse grazas ao empeño e ás gañas do profesorado do centro que vén á biblioteca como o centro neurálxico do colexio. Este traballo é custoso e necesita moita dedicación. O profesorado comprometido adícalle moito empeño e moitas horas.

Sempre hai algunha iniciativa que non se pode facer ou que se bota a andar e non segue. Non fixemos ningún telexornal falando do tempo, aínda que se traballaron os vídeos e empezamos a utilizar o croma.

Neste curso tamén se traballou algunha actividade coa participación dos pais, en Infantil, en Primaria nalgúns obradoiros.

Criterios de avaliación:

- Traballar de forma cooperativa na investigación, favorecer a comunicación entre iguais e desenvolver unha actitude crítica.

- Fomentar nos alumnos a capacidade de abstracción e a imaxinación esenciais para a resolución de problemas da vida cotiá.
- Localizar e recuperar información a través do uso das TIC'S seleccionando o máis axeitado.
- Facer traballos cos programas informáticos.

10. Función e participación da Biblioteca.

Entendemos que a Biblioteca é o eixe dinamizador, creador, seleccionador dos recursos.

Facilitou os recursos relacionados coa temática da auga para desenvolver o noso proxecto, organizando os obradoiros necesarios. A través das reunións do equipo da biblioteca e as reunións conxuntas cos outros equipos fíxose o seguimento do proxecto. Coordinou a posta en común e tamén publicou os traballos elaborados no blog da biblioteca.

Lugo, 3 de xullo de 2019

Ángeles Sánchez-Valdepeñas Sánchez-Prieto

Responsable da Biblioteca.